

## Tema 7 A PAISAXE QUE NOS RODEA

1. Sinala para cada caso a definición máis completa:

- Unha **paisaxe natural** é aquela que...
  - Non foi alterada pola acción das persoas e que mantén os elementos naturais.
  - Está protexida da acción dos seres humanos.
  - Ten unha vexetación abundante onde viven moitas especies de animais.
  
- Unha **paisaxe humanizada** é aquela na que...
  - Se cortan bosques para dedicar o terreo á agricultura e a gandaría.
  - Viven os seres humanos.
  - Habitan persoas que construíron estradas e casas e plantaron campos de cultivo.



2. Le o texto e responde:

As plantas desprenden osíxeno á atmosfera, un gas imprescindible para a vida das persoas. De aí, a gran importancia de coidar os bosques.

Un modo de contribuír a protexer os bosques é reciclar os periódicos, o papel e o cartón.

Por cada 1000 quilos de papel que se reciclan sálvanse 17 árbores adultas.

Tamén hai asociacións que se dedican a replantar árbores para recuperar os bosques.



- Cal ou cales destas accións realizas ti para non gastar moito papel?
  - Imprimo aproveitando as dúas caras do papel.
  - Uso panos de tea en lugar de panos de papel.
  - Reutilizo o papel de regalo para outros usos.
  - Utilizo cadernos e folios de papel reciclado.

## Respecto os medios naturais

Cando estás nun medio natural onde crecen plantas, animais e outros seres vivos, é importante actuar con respecto. Isto quere dicir que podes pasear, observar, falar, comer e beber ou xogar, pero non debes facer nada que estrague a paisaxe ou que dane ou moleste os seres vivos que habitan alí.

Se non o fas, estes seres desaparecerán e con eles o medio onde viven.



- 1 Fíxate neste medio natural tan bonito. Nel habitan moitos seres vivos. Imaxina que o visitas para pasar o día e comer aí. Imos ver se te comportarías con respecto. Enche este cuestionario.

- a) Onde tirarías o lixo que producises? .....
- b) Arrincarías plantas para levalas de recordo? .....
- c) Cazarías lagartas ou insectos? .....
- d) Abandonarías aquí a túa tartaruga porque creceu demasiado? .....
- e) Farías lume para asares unhas costeletas? .....
- f) Berrarías moi forte? .....
- g) Como deixarías este lugar despois de irte? .....